

2000, 26 de xullo de 2000 e 21 de setembro de 2000 de data anterior ó 1 de xaneiro de 2003, e que presenten a súa solicitude no Igape antes do 31 de outubro de 2003. A concesión da axuda do Igape estará condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente, resolvéndose as solicitudes por estricto orde de entrada no Igape.».

Segundo.-Denúnciase o convenio con efectos desde o 1 de xaneiro de 2004, comprometéndose as partes a deixar atendidas fronte ós beneficiarios as obrigas legalmente contraídas polas dúas partes ata o dito momento.

Terceiro.-A modificación acordada na cláusula primeira terá efectos desde o 1 de xaneiro de 2003.

Pola entidade financeira ...: Polo Igape:  
Asdo.: ...: Asdo.: José Antonio Orza Fernández  
DNI: ...: Presidente do Igape

## IV. OPOSICIÓN E CONCURSOS

### CONSELLERÍA DA PRESIDENCIA, RELACIONES INSTITUCIONAIS E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

*Resolución do 23 de xullo de 2003, do tribunal asignado para cualifica-lo proceso selectivo para o acceso ás categorías correspondentes ós grupos III, IV e V do persoal laboral fixo da Xunta de Galicia, pola que se fai pública a data, a hora e o lugar de realización do primeiro exercicio da fase de oposición de determinadas categorías.*

En sesión que tivo lugar o día 23 de xullo de 2003, o tribunal asignado polas ordes do 26 de decembro de 2002 para xulga-lo proceso selectivo para o acceso a determinadas categorías correspondentes ós grupos III, IV e V do persoal laboral fixo da Xunta de Galicia

#### ACORDOU:

Primeiro.-De conformidade co disposto no punto 8 da base quinta das ordes do 26 de decembro de 2002, o primeiro exercicio da fase de oposición das categorías que se sinalan a seguir terá lugar:

a) Na Escola Galega de Administración Pública, sita en Santiago de Compostela (A Coruña) nas seguintes datas e horas:

Grupo	Categoría	Día	Hora
IV	Oficial 2º, mecánico de máquinas de defensa contra incendios forestais (37)	10 de outubro	16.30 h

b) No recinto da Feira Internacional de Galicia en Silleda (Pontevedra) nas seguintes datas e horas:

Grupo	Categoría	Día	Hora
III	Xefe de cuadrilla de defensa contra incendios forestais (100)	17 de outubro	17 h
V	Vixilante fixo de defensa contra incendios forestais (10 b)	18 de outubro	8 h
V	Emisorista de defensa contra incendios forestais (10 c)	18 de outubro	12 h
IV	Operador-codificador de defensa contra incendios forestais (32)	18 de outubro	17 h
IV	Conductor-motobomba de defensa contra incendios forestais (33)	24 de outubro	17 h
V	Peón de defensa contra incendios forestais (14)	25 de outubro	8 h
V	Peón-conductor de defensa contra incendios forestais (14 a)	25 de outubro	12.30 h

Segundo.-Os aspirantes terán que presentarse provistos de DNI ou documento fidedigno acreditativo da súa identidade, ó xuízo do tribunal. Así mesmo, deberán ir provistos de lapis do nº 2 e goma de borrar.

Terceiro.-Este chamamento é único, polo que se excluíra deste proceso a quen non compareza, salvo nos casos de forza maior debidamente xustificadas e libremente apreciadas polo tribunal.

Santiago de Compostela, 23 de xullo de 2003.

Mª Lourdes Batán Aira  
Presidenta do tribunal

### CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

*Corrección de erros.-Resolución do 10 de xuño de 2003, da Dirección Xeral de Personal, pola que se adscribe definitivamente o profesorado ós conservatorios de música da Coruña e Vigo.*

Advertido un erro na citada resolución publicada, no DOG nº 129, do venres 4 de xullo de 2003, é necesario efectua-la seguinte rectificación:

Na páxina 8.965, anexo III (Conservatorio Profesional de Música da Coruña), debe engadirse a: Rodríguez García, Rosa María; DNI 32346636.

### CONSELLERÍA DE ASUNTOS SOCIAIS, EMPREGO E RELACIONES LABORAIS

*Orde do 23 de xullo de 2003 pola que se resolve a convocatoria para a provisión, polo sistema de libre designación, de sete postos de traballo vacantes na Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais, anunciada por orde desta consellería do 6 de xuño de 2003 (Diario Oficial de Galicia número 116, do 17 de xuño).*

Convocada a provisión, polo sistema de libre designación, de sete postos de traballo vacantes na Con-

sellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais, mediante Orde do 6 de xuño de 2003 (DOG número 116, do 17 de xuño), de conformidade co establecido nas bases quinta e sexta da referida orde, esta consellería

**RESOLVE:**

Primeiro.-Adxudicarlles destino, nos postos de traballo que se indican, ós funcionarios que se expresan no anexo desta orde, seleccionados conforme o establecido nas bases da convocatoria, realizada por orde desta consellería do 6 de xuño de 2003.

Segundo.-O cesamento no actual destino do funcionario que obtivo praza producírase no prazo de tres días, contados a partir do seguinte ó da data da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*.

Se na data na que debe cesar no seu destino o funcionario está gozando un período de licencia, vacacións ou permiso, o prazo para efectualo empezará a contar a partir do día seguinte ó da súa incorporación.

A toma de posesión da praza adxudicada deberase realizar no prazo dos tres días seguintes ó do cesamento, de tratarse da mesma localidade na que actualmente presta os seus servicios o funcionario, ou no prazo dun mes, de tratarse de distinta localidade,

conforme o establecido no artigo 14 do Decreto 93/1991, do 20 de marzo.

Terceiro.-O xefe do centro no que cause baixa o funcionario, así como o daquel no que obteña destino, consignarán no título administrativo, dentro do prazo sinalado no punto anterior, as correspondentes dilixencias de cesamento e toma de posesión, das que se dará traslado, mediante copia, á Dirección Xeral da Función Pública.

Cuarto.-Contra esta orde, que esgota a vía administrativa, os interesados poderán interpoñer recurso potestativo de reposición perante esta consellería, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ó da súa publicación no DOG, de conformidade co establecido na Lei 30/1992, do 26 de novembro, na súa nova redacción dada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, ou poderán impugnalas directamente perante o xulgado do contencioso-administrativo competente no prazo de dous meses contados a partir da mesma data, segundo o establecido na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdicción contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 23 de xullo de 2003.

María José Cimadevila Cea  
Conselleira de Asuntos Sociais, Emprego  
e Relacións Laborais

**ANEXO**

DNI ou NRP	Grupo	Apelidos e nome	Código do posto	Denominación	Nivel	Centro destino	Localidade
3329112246 A2051	B	Cortiñas Fernández, Silvia	FA.C05.00.002.15770.010	Servicio de Programas de Cooperación	28	S.X. de Escolas Obradoiro e Programas de Cooperación	Santiago de C.
3384409224 A2059	D	Sánchez Jato, Josefina	AS.C99.10.000.27001.001	Secretario/a do/da delegado/a	16	Delegación Provincial de Lugo	Lugo
3425528735 A2060	A	López Díaz, Alberto José	AS.C99.10.000.27001.100	Secretario/a provincial	28	Delegación Provincial de Lugo	Lugo
3384171335 A2060	A	Alcalde Varela, Alejandro	AS.C99.10.000.27001.110	Xefe de Servicio de Xestión Económica	28	Delegación Provincial de Lugo	Lugo
3524392424 A2059	D	Castro Santos, Juana	AS.C99.10.000.36560.001	Secretario/a do/da delegado/a	16	Delegación Provincial de Vigo	Vigo
3608271102 A2060	A	Pérez-Izaguirre López, María José	AS.C99.10.000.36560.110	Xefe de Servicio de Xestión Económica	28	Delegación Provincial de Vigo	Vigo
5117724357 A2053	C	Agra Giol, Carlos Alberto	AS.C99.10.000.36560.111	Xefe de Sección de Habilitación	24	Delegación Provincial de Vigo	Vigo

**V. ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA**

**AUDIENCIA PROVINCIAL DE PONTEVEDRA (SECCIÓN QUINTA)**

*Edicto (505/2000).*

Francisca Conde Alfonso, oficial en funcións da sección quinta da Audiencia Provincial de Pontevedra, con sede en Vigo, certifica que na peza de apelación civil número 3075/2001, dimanante de cognición 505/2000 do Xulgado de Primeira Ins-

tancia número un dos de Vigo, se dictou sentenza, que no encabezamento e decisión é do teor literal seguinte:

«A sección quinta da Audiencia Provincial de Pontevedra, con sede en Vigo, composta polos maxistrados Victoria Eugenia Fariña Conde, presidenta, José Ferrer González e José Luis Albes López, pronunciaron en nome de El-Rei, a seguinte sentenza nº 433/2001.

Vigo, trinta de outubro de dous mil un.

Visto o recurso de apelación interposto contra a sentenza recaída nos autos de xuízo de cognición